REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Día: 23.11.2018 Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 23 de novembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Pregunta

1.1 38532 (10/POC-006056)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún estudo en relación coa viabilidade do establecemento dun sistema de matadoiriños móbiles e salas de despezamento que permita modificar a situación do sector ovino e cabrún ao respecto ou, se é o caso, as medidas que vai adoptar para evitar a incidencia da normativa actual no sector, á hora do sacrificio e despezamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 37583 (10/PNC-003016)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre o incremento polo Goberno galego dos medios persoais, materiais e económicos daqueles proxectos que investigan as mellores técnicas de loita contra a praga da avespa velutina
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018

2.2 38281 (10/PNC-003069)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a elaboración e a publicación por parte da Consellería do Medio Rural do seu plan estratéxico de subvencións, segundo establece a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, así como a publicación na súa páxina web da información referida á totalidade dos convenios asinados cos concellos galegos nos anos 2017 e 2018, segundo o disposto na mencionada lei
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018

2.3 38585 (10/PNC-003083)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre a elaboración e dotación orzamentaria pola Xunta de Galicia dun plan estratéxico para reverter a situación de déficit nas principais producións agrícolas, así como a elaboración, xunto coas produtoras, de liñas específicas de implantación de cultivos estritamente agrarios, en coordinación coas actividades agrícolas e gandeiras existentes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018

2.4 38784 (10/PNC-003106)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 5 máis
Sobre a continuación pola Xunta de Galicia co impulso dos programas de mellora da raza rubia galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

2.5 39109 (10/PNC-003136)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a renovación polo Goberno galego do Programa de recollida de plástico agrícola, así como o establecemento dunha liña de axudas aos concellos de vocación agrícola-gandeira para a súa recollida e o acondicionamento dos puntos de depósito
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

2.6 39340 (10/PNC-003160)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a execución da reestruturación parcelaria nas parroquias de Bamonde, Lampai, Lucí, Luou, Oza, Rarís, Teo e Vilariño, do concello de Teo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 378, do 31.10.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018

Daniel Vega Pérez

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Daniel Vega Pérez	P

Vicepresidenta

Rosa Oubiña Solla	P

Secretario

José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Raúl Fernández Fernández	S
Carlos Gómez Salgado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM
Antón Sánchez García	EM

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 23.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Pregunta

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 23.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 38532(10/POC-006056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún estudo en relación coa viabilidade do establecemento dun sistema de matadoiriños móbiles e salas de despezamento que permita modificar a situación do sector ovino e cabrún ao respecto ou, se é o caso, as medidas que vai adoptar para evitar a incidencia da normativa actual no sector, á hora do sacrificio e despezamento

Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38532
Data envio: 10/10/2018 14:03:56.203

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Galiza conta con 21.709 granxas de ovino-cabrún cunha media de 10 animais por granxa. Delas 76 teñen máis de 250 cabezas.

Estamos a falar pois dun gran número de explotacións de autoconsumo, de entretemento e de gando substitutivo de pasadas granxas de vacún que non tiveron continuidade e que os propietarios son xente de idade avanzada. Estas conviven cun sector profesionalizado, puxante e en pleno desenvolvemento que augura un futuro sostible e de aceptable rendemento económico se as circunstancias non llo impiden.

Gran parte deste gando miúdo aliméntase en extensivo cumprindo unha función de alto valor na actualidade por controlar en amplas zonas a maleza e matogueira do monte sendo un cortalumes de primeira calidade.

A regulamentación en canto ó sacrificio é un dos atrancos que o sector profesional ten hoxendía. O prezo por sacrificio é prohibitivo (entre 10 e 30 euros por animal) ó que hai que engadir o transporte ata o matadoiro, e o despece, envasado ó baleiro e transporte en frío a destino (de ser o caso, en venda directa).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38532
Data envio: 10/10/2018 14:03:56.203

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se o gandeiro non é capaz de repercutir os custes no prezo de venta final, opta pola vía máis rápida (non crotalizar ó non existir obriga antes dos 6 meses e matar na casa e vender ó veciño/a sen garantías sanitarias).

Velaí unha mostra de como unha lexislación que persegue garantías sanitarias para o consumidor se volve en contra de si mesma e produce o efecto contrario, por n0on se adaptar á realidade.

Existe tamén a posibilidade de vender ó tratante de turno, case sempre a prezos excesivamente baixos pois se non se venden, pásanse de quilos e teñen que quedaren na corte como reprodutores. Os tratantes, que son coñecedores desta realidade presionan conseguindo prezos de gandeiros non profesionais, xubilados ou xente con outra actividade, arredor de 35/40 euros por animal. Carto fácil.

As consecuencias son: competencia desleal cos gandeiros máis profesionais que cumpren a normativa sanitaria, menor volume de canais sacrificados por cauces legais (2/3 partes da produción de ovino e cabrún galegas non pasa por matadoiro) e polo tanto aínda máis encarecemento do prezo. Os matadoiros prefiren centrarse nas liñas de sacrificio de vacún e porcino.

A medio e longo prazo estas condicións afogan as perspectivas de crecemento do sector e poden apareceren posibles alertas sanitarias se non hai control axeitado da trazabilidade dos animais vendidos sen pasar polo matadoiro.

A produción galega de gando miúdo (ovino e cabrún) rolda os 428.800 kg (kg sacrificados en matadoiros), pero se temos en conta o censo, e sabendo que non existen grandes fluxos de importación nin de exportación de cordeiro e cabrito vivo, a estimación de produción eleva esta cifra ata máis de 1.400.000 kg. Isto implica que dous terzos da produción non pasan polas canles de sacrificio autorizadas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38532
Data envio: 10/10/2018 14:03:56.203

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É unha realidade a situación de indefensión en que se encontra o sector á hora de sacrificio e despece das súas reses cunha normativa legal que incide de xeito moi negativo sobre o prezo final do produto e sobre a marxe de ganancia que deixa ó produtor.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Ten a Consellería feito algún estudo sobre a viabilidade de matadoiros móbiles e salas de despece e envasado que dea pe a modificar a situación crítica do sector ovino-cabrún a este respecto?

-En caso de non ser así, ten pensado facelo?

-Que medidas pensa adoptar para alivia-la presión que a normativa actual exerce sobre o sector á hora do sacrificio e despece?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Luis Bará Torres
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38532
Data envio: 10/10/2018 14:03:56.203

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/10/2018 14:00:34

María Montserrat Prado Cores na data 10/10/2018 14:00:40

Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2018 14:00:42

Olalla Rodil Fernández na data 10/10/2018 14:00:44

Noa Presas Bergantiños na data 10/10/2018 14:00:46

Xosé Luis Bará Torres na data 10/10/2018 14:00:47

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 23.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 23.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 37583(10/PNC-003016)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre o incremento polo Goberno galego dos medios persoais, materiais e económicos daqueles proxectos que investigan as mellores técnicas de loita contra a praga da avespa velutina

Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 17:46
Nº Rexistro: 37583
Data envio: 25/09/2018 17:46:58.621

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo** e do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª.**

Exposición de motivos

Fai arredor de sete anos apareceu en Galicia unha especie invasora, a vespa velutina, que prexudica gravemente a apicultura e supón unha ameaza medioambiental de primeira magnitude.

A velutina está incluída no Catálogo Español de especies invasoras, a través do real Decreto 630/2013 de 2 de agosto. A Ley 42/2007, de 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad, pola que se crea o catálogo citado, establece a obrigación das administracións de crear medidas de control, xestión e posible erradicación de tales especies.

Porén, as medidas non parece que estean a xurdir efecto. Os datos son alarmantes. No ano 2014 rexistráronse vespas velutinas en 70 concellos do noso país; en 2015 estendéronse ata 172. O presente ano, o número de concellos afectados polo insecto invasor é de 252, o 80% do total. En 38 destes concellos a presenza da velutina é masiva, o que significa que neles se atoparon, polo menos, entre 26 e 100 niños.

Polo de agora, non se atopou ningún patrón claro na súa proliferación. Hai moitos concellos afectados no norte do territorio, pero tamén no interior.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 17:46
Nº Rexistro: 37583
Data envio: 25/09/2018 17:46:58.621

A extensión desta especie trae consigo unha serie de prexuízos ambientais e económicos, especialmente para as apicultoras e apicultores, pero non só para eles, xa que ao reducir a poboación das abellas, que son insectos importantes na reprodución vexetal, a invasión está repercutindo na produtividade de moitos cultivos e froiteiros.

Ante esta gravísima situación, o Partido Popular adoptou unha actitude de absoluta pasividade. Así o manifestou a conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, que chegou a dicir que "Esta especie veu para quedar, polo tanto hai que convivir con ela". A solución do Partido Popular á crise da velutina é que nos vaiamos acostumando.

Desta maneira, explícase que entre xullo de 2018 e xullo de 2017 o 112 recibise case 25.000 avisos pola presenza de avespas velutinas. Os picos de incidencias producíronse no verán e no outono de 2017, con máis de 4.000 chamadas en xullo e agosto, e 3.000 en setembro, novembro e decembro.

Ata o de agora, o método máis empregado para loitar contra a velutina foi o trampeo, que se realiza en primavera aproveitando que as reinas comezan a formar os seus niños. Este procedemento foi adoptado pola Xunta de Galicia e foi acompañado dun protocolo de captura de reinas.

Non obstante, a situación esixe que se incrementen os medios materias, persoais e económicos que se dedican á investigación na materia.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 17:46
Nº Rexistro: 37583
Data envio: 25/09/2018 17:46:58.621

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar os medios materiais, persoais e económicos dos proxectos que investigan a praga da velutina co obxecto de encontrar as mellores técnicas para loitar contra esta.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 25/09/2018 17:34:13

David Rodríguez Estévez na data 25/09/2018 17:34:21

Luis Villares Naveira na data 25/09/2018 17:34:31

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 23.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 38281(10/PNC-003069)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a elaboración e a publicación por parte da Consellería do Medio Rural do seu plan estratéxico de subvencións, segundo establece a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, así como a publicación na súa páxina web da información referida á totalidade dos convenios asinados cos concellos galegos nos anos 2017 e 2018, segundo o disposto na mencionada lei

Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 12:21
Nº Rexistro: 38281
Data envio: 05/10/2018 12:21:46.317

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que "*os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria"* e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento desenvolve no seu capítulo II a planificación e contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 9.1 da Lei 9/2007 establece que "o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva", aínda que no seu punto 4 indica en que casos se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 12:21
Nº Rexistro: 38281
Data envio: 05/10/2018 12:21:46.317

1º) A Consellería de Medio Rural elabore e publique no prazo máximo de tres meses o Plan estratéxico de subvencións da súa consellería, segundo establece a Lei 9/2007, de 9 de xuño, de subvencións de Galicia?

2º) A Consellería de Medio Rural publique na páxina web da súa consellería, no prazo máximo dun mes, a totalidade dos convenios asinados en 2017 con algún concello galego, indicando o obxecto, o prazo de execución, a contía e as razóns de excepcionalidade, segundo se establece no artigo 9 da Lei de subvencións de Galicia.

3º) A Consellería de Medio Rural publique na páxina web da súa Consellería, no primeiro mes de 2019, a totalidade dos convenios asinados en 2018 con algún concello galego, indicando o obxecto, o prazo de execución, a contía e as razóns de excepcionalidade, segundo se establece no artigo 9 da Lei de subvencións de Galicia.

Pazo do Parlamento, 5 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/10/2018 11:36:06

Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/10/2018 11:36:14

Raúl Fernández Fernández na data 05/10/2018 11:36:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/10/2018 11:36:33

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 23.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 38585(10/PNC-003083)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre a elaboración e dotación orzamentaria pola Xunta de Galicia dun plan estratéxico para reverter a situación de déficit nas principais producións agrícolas, así como a elaboración, xunto coas produtoras, de liñas específicas de implantación de cultivos estritamente agrarios, en coordinación coas actividades agrícolas e gandeiras existentes

Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38585
Data envio: 11/10/2018 14:04:15.625

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** a través dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Antón Sanchez García e Luís Villares Naveira** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.ª,** sobre a necesidade de aprobación dun plan estratéxico para as principais producións agrícolas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Galicia sofre unha perda de poboación no rural desde hai varias décadas. A poboación arrímase á costa nun éxodo sen precedentes do rural, en busca do maná prometido como son as oportunidades de traballo e a consecución dunhas mellora na calidade de vida. Isto dáse nas provincias do interior Lugo e Ourense cara as zonas costeiras de Pontevedra e da Coruña, onde tamén se produce esta marcha desde o interior cara as cidades.

Porén o maná está no rural e sempre estivo alí. As condicións de vida son inmellorables e incomparables sempre que as administracións se impliquen e axuden á poboación coa garantía de servizos ao igual que ocorre nas grandes urbes. É necesario ver e potenciar a necesidade de habitabilidade do rural: a cidade non come se o campo non traballa.

A perda de cultivos en Galicia amosa esta realidade do éxodo en busca do maná. Así desde o inicio da crise, segundo un artigo publicado na Opinión da Coruña, máis de 33.364 hectáreas de terras de labor abandonáronse. É a superficie dedicada a cultivar cereais, forraxes, hortalizas e legumes.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38585
Data envio: 11/10/2018 14:04:15.625

GRUPO PARLAMENTAR en marea

A organización FADEMUR solicitou unha Política Agraria Común na que non se teñan só en conta as cifras do sector agroalimentario e si a poboación dos pobos e para as mulleres rurais. Así, a Política Agraria Común pode axudar ao mundo rural a afrontar o éxodo e revertelo consolidando os novos cultivos.

Nunha táboa publicada polo Instituto Galego de Estatística o 11 de setembro de 2018 vese o avance inexorable do éxodo e da perda de cultivos. Así, no ano 2006 producíanse 1.985.590 toneladas de millo forraxeiro que pasaron no ano 2017 a 1. 936.384. no ano 2006 había 5.983.521 toneladas de pradería polifita que pasaron no ano 2017 a 3.218.426.

Tamén se reduciu o cultivo de pataca, afectado nos últimos anos pola couza guatemalteca.

Esta perda tamén é visible no sector vitivinícola. É posible reverter esta situación creando novas oportunidades de traballo e de negocio para a xuventude no rural, que permita reverter o éxodo e que fixe poboación no rural que permitirá un gran avance socioeconómico en Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Crear un plan estratéxico para reverter a situación dun déficit nas principais producións agrícolas e dotalo de orzamento.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38585
Data envio: 11/10/2018 14:04:15.625

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

2. Elaborar, xunto coas produtoras, liñas específicas de implantación de cultivos estritamente agrarios en coordinación coas actividades agrícolas e gandeiras existentes.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Antón Sánchez García
Luís Villares Naveira
Deputados e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 11/10/2018 13:55:56

Antón Sánchez García na data 11/10/2018 13:56:06

Luis Villares Naveira na data 11/10/2018 13:56:15

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 23.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.4 38784(10/PNC-003106)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 5 máis

Sobre a continuación pola Xunta de Galicia co impulso dos programas de mellora da raza rubia galega

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 09:33
Nº Rexistro: 38784
Data envio: 16/10/2018 09:33:07.974

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputada, **Daniel Vega Pérez, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado** e **Jacobo Moreira Ferro,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Exposición de motivos

A raza Rubia Galega é o biotipo racial máis característico do noroeste peninsular, cunhas 1.800 explotación, e 36.000 cabezas de raza pura inscritas no Libro Xenealóxico da Raza que leva ACRUGA, e un amplo uso de inseminación artificial que mantén un adecuado equilibrio socioeconómico, cultural e ambiental co seu territorio orixinal.

Polo tanto, en Galicia contamos cun numerosas explotacións da raza Rubia Galega, sendo estas moi rentables economicamente.

Xa no programa electoral co que o Partido Popular nos presentamos ás eleccións autonómicas poñiamos de manifesto o noso claro compromiso en prol desta raza.

Por unha banda, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario adaptar a selección e mellora xenética da raza Rubia Galega para conseguir un maior progreso de selección e fortalecer a raza evitando que quede atrás no progreso xenético respecto doutras razas foráneas.

E por outra banda, desde o Grupo Parlamentario Popular, consideramos prioritario que se continúe a fomentar o emprego das razas autóctonas galegas tratando de incrementar os seus censos.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 09:33
Nº Rexistro: 38784
Data envio: 16/10/2018 09:33:07.974

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Polo tanto, é necesario que se continúe co fomento do emprego das razas autóctonas, tratando de incrementar os seus censos, seguir a valorizalas como sistema de produción diferenciada fomentando o seu uso comercial como vía de subsistencia das ganderías e promovendo os produtos obtidos.

E hai que seguir potenciando os programas de mellora e fomento da raza Rubia Galega evitando a súa regresión fronte a outras, así como a súa erosión xenética.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir a potenciar os programas de mellora da raza rubia galega”.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/10/2018 09:29:44

Daniel Vega Pérez na data 16/10/2018 09:29:53

Jesús Miguel Prado Patiño na data 16/10/2018 09:30:02

Raquel Arias Rodríguez na data 16/10/2018 09:30:09

Moisés Blanco Paradelo na data 16/10/2018 09:30:17

Carlos Gómez Salgado na data 16/10/2018 09:30:24

Jacobo Moreira Ferro na data 16/10/2018 09:30:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 23.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.5 39109(10/PNC-003136)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a renovación polo Goberno galego do Programa de recollida de plástico agrícola, así como o establecemento dunha liña de axudas aos concellos de vocación agrícola-gandeira para a súa recollida e o acondicionamento dos puntos de depósito

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:22
Nº Rexistro: 39109
Data envio: 18/10/2018 17:22:02.074

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O uso de plásticos agrícolas en forma de bolsas, recubrimentos de bolos, lonas de illamento do silos de herba ou millo, invernadoiros, e un longo etcétera, fai que se xere unha grande cantidade de residuos deste material, que ata non hai moitos anos "adornaban" espazos de monte, ríos e regatos do noso rural, ou eran queimados de forma incontrolada, xa que a súa xestión non estaba organizada.

Algúns concellos con explotacións gandeiras, sendo conscientes dos problemas que estaban a producir estes plásticos, optaron por montar servizos de recollida e almacenamento.

Ante esta problemática, a Consellería de Medio Ambiente puxo en marcha un Programa de Recollida de Plástico Agrícola co obxecto de facilitarlle ao sector agrogandeiro unha xestión axeitada.

No marco deste programa os concellos encargábanse da recollida dos plásticos nas granxas, e logo unha empresa contratada pola Consellaría apañaba os plásticos de cada concello e os xestionaba reciclándoos mediante un proceso mecánico para logo

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:22
Nº Rexistro: 39109
Data envio: 18/10/2018 17:22:02.074

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obter novos plásticos.

Ora ben, hai uns poucos días saltou a alarma de xeito extraoficial e feitas unhas primeiras consultas, fontes xeralmente ben informadas confirmáronnos que a Xunta de Galicia tería a intención de abandonar o Programa e polo tanto deixar de financiar a recolla dos plásticos agrícolas.

Se isto é así estariamos diante dun serio problema que xeraría unha cadea de prexuízos considerables no rural:

- No mellor dos casos a xestión deste residuo suporía un aumento nos custos de produción das explotacións gandeiras, que xa están demasiado axustados.

- Aumento da presenza deste residuo en nas ribeiras de ríos e regatos, ou nos montes, cun dano medioambiental e paisaxístico considerable.

- Problemas para os concellos, algúns dos cales xa teñen nestes momentos acopiadas máis de 300 Tm deste residuo e que non saberían que facer con eles, pois non é un tipo de residuo de competencia municipal

- As empresas galegas que viñan facendo a recollida quedan sen o marco do programa, co conseguinte atranco económico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

"O Parlamento galeo insta á Xunta de Galiza a:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:22
Nº Rexistro: 39109
Data envio: 18/10/2018 17:22:02.074

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Renovar o programa de recollida e transporte dos plásticos usados de orixe agrícola tal e como viña facendo ata o de agora.

- Establecer unha liña de axudas aos concellos de vocación agrícola-gandeira para a recollida e o acondicionamento dos puntos de acopio.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/10/2018 17:17:45

María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2018 17:17:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:22
Nº Rexistro: 39109
Data envio: 18/10/2018 17:22:02.074

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2018 17:17:51

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2018 17:17:52

Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2018 17:17:54

Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2018 17:17:55

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 23.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.6 39340(10/PNC-003160)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a execución da reestruturación parcelaria nas parroquias de Bamonde, Lampai, Lucí, Luou, Oza, Rarís, Teo e Vilariño, do concello de Teo

Publicación da iniciativa, 378, 31.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 13:20
Nº Rexistro: 39340
Data envio: 24/10/2018 13:20:33.809

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, relativa á reestruturación parcelaria no concello de Teo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza en 1999 declaraba de utilidade pública e de urxente execución a concentración parcelaria nas parroquias de Bamonde, Lampai, Lucí, Luou, Oza, Rarís, Teo e Vilariño, todas elas do concello de Teo. A declaración de utilidade pública realizábase a través do Decreto 198/1999, de 25 de xuño, para a zona de Oza, Teo, Bamonde e Vilariño; do Decreto 199/1999, de 25 de xuño para a zona de Lampai e Luou; e do Decreto 200/1999, de 25 de xuño, para a zona de Lucí e Rarís.

Coa publicación destes decretos inícianse os procesos de concentración parcelaria que avanzaron até rematar a fase do levantamento topográfico, quedando posteriormente paralizadas as actuacións por unha decisión do Goberno galego.

En xuño de 2015, a través da Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galiza, a Xunta decide dar por rematados estes procedementos declarándoos caducados.

Tendo en conta a demanda existente por parte dos veciños e veciñas destas parroquias, e dado que xa se ten realizado o levantamento topográfico, que é unha das

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 13:20
Nº Rexistro: 39340
Data envio: 24/10/2018 13:20:33.809

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fases máis complexas do proceso de reestruturación parcelaria, e tendo ademais presente que os motivos polos que se solicitaron e declararon de urxente execución seguen vixentes, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que na maior brevidade posíbel, en base ao disposto no artigo 6 da Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galiza, declare de utilidade pública a reestruturación parcelaria nas parroquias de Bamonde, Lampai, Lucí, Luou, Oza, Rarís, Teo e Vilariño, e tomando como punto de partida os traballos realizados nestas zonas desde 1999 execute todas as actuacións precisas para que sexan unha realidade."

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Montserrat Prado Cores
Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 13:20
Nº Rexistro: 39340
Data envio: 24/10/2018 13:20:33.809

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/10/2018 13:19:27

María Montserrat Prado Cores na data 24/10/2018 13:19:36

Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2018 13:19:37

Olalla Rodil Fernández na data 24/10/2018 13:19:39

Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2018 13:19:40

Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2018 13:19:41